



Carta do Deus de Xesús para encontrar o tesouro do perdón

Xosé Antón Miguélez¹

Esta carta foi pensada para xente que ten dificultade en perdoar, para xente que foi vítima, para xente moi sentida que sofre, para xente que quixera verse libre de resentimentos e non pode, para xente que desexa ser libre e non quedar presa do pasado, para xente que quere botar as sombras dos desamores do seu corazón, para xente que quere verse libre do mal que lle causaron e que segue actuando nela, para xente que quere empregar todas as súas enerxías en positivo, para xente que non quere ser vencida polo mal. Esta carta foi escrita para axudar a encontrar o amor de Deus, que é capaz de superar ofensas e de vivir en reconciliación, buscando sempre o que é máis xusto. En fin, é unha carta para xente que precise e queira nacer de novo, ou anovar a graza que a fe puxo nela.

Ollade que nós sabemos que pasamos da morte á vida en que lles queremos ben aos irmáns; quen non quere ben permanece na morte. Quen odia a seu irmán é un asasino e xa sabedes que ningún asasino leva en si a vida eterna.

Soubemos o que é o amor desde que El deu a súa vida por nós, e entón decatámonos de que nós temos que dar a vida polos irmáns (1Xn 3, 14-16)

¹ Xosé Antón Miguélez Díaz é membro do consello de Encrucillada. Exerce como crego-párroco en Vilanova de Lourenzá, na diocese de Mondoñedo-Ferrol.